



CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Por Acordo do Pleno Municipal de data 28 de marzo de 2022, aprobouse inicialmente o expediente de desafectación do seguinte ben inmueble:

Camiño Público no lugar de Chorente parroquia de Ribas Pequenas. ,	Referencia catastral	27008B501090040000SR
Inicio:		Datum: ETRS89 Latitud: 42° 35' 9.08" N Longitud: 7° 28' 22.83" W Huso UTM: 29 Coord. X: 625.296,42 Coord. Y: 4.715.956,41 Nivel: 19.2 20 m
Final:		Datum: ETRS89 Latitud: 42° 35' 12.14" N Longitud: 7° 28' 24.20" W Huso UTM: 29 Coord. X: 625.263,57 Coord. Y: 4.716.050,09 Nivel: 19.2 20 m
Lonxitude (metros):		105,00 ml

Logo de instruír polos servizos competentes deste Concello, expediente de desafectación de camiño público, de conformidade co artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sométese a información pública polo prazo dun mes a fin de que quen puidesen terse por interesados en devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por convinte.

Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>].

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Bóveda, 30 de marzo de 2022.- o alcalde, José Manuel Arias López.

R.1906

CARBALLEDO

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2022 foi inicialmente aprobado o Regulamento de creación, organización e funcionamento do rexistro municipal de parellas de feito do Concello de Carballedo, o que, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local, faise público polo prazo de trinta días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ou suxerencias ante o Pleno; quedando definitivamente adoptado o acordo provisional se durante o citado período non fora presentada ningunha reclamación ou suxerencia.

Carballedo, 6 de xullo de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1907

Anuncio

De conformidade co acordado en sesión plenaria celebrada con data 30 de xuño de 2022 procédese á publicación do acordo regulador do prezo público por prestación de servizos na Residencia de maiores do Concello de Carballedo

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE CARBALLEDO

Artigo 1. CONCEPTO, FUNDAMENTO E NATUREZA.

1.1.- De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLHL), e de conformidade co disposto no artigo 20.4) en relación cos artigos 15 a 19 e 57, así como en exercicio das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7 de 1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Carballedo establece o prezo público pola prestación de servizos na Residencia para Persoas Maiores propiedade desta entidade, que se rexerá por medio do presente acordo regulador.

1.2.- É obxecto deste prezo público a prestación de servizos na Residencia para Persoas Maiores do Concello de Carballedo, aquelas persoas que o soliciten e sexan admitidas na mesma.

1.3.- De conformidade co que establece o artigo 2.2 do citado Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, o prezo público que se regula nesta Ordenanza ten o carácter de ingreso de dereito público da facenda local e para a súa cobranza ostentará as prerrogativas establecidas legalmente para a Facenda do Estado e actuará, no seu caso, conforme aos procedementos administrativos correspondentes.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible do prezo público que se establece, a prestación dos servizos de asistencia e estancia na Residencia de maiores do Concello de Carballedo ás persoas que se acollan a residir na mesma.

Artigo 3. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGO.

2.1.- Están obrigadas ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza as persoas que se beneficien dos servizos ou actividades prestados na Residencia, ou, no seu caso, cando as persoas prestatarias sexan incapacitadas, quen ostente a patria potestade, tutela ou custodia, ou as Administracións Públicas, Organismos, Entidades e persoas públicas ou privadas que, estando obrigadas por calquera título ao pago dos servizos sociais da persoa beneficiaria, soliciten os referidos servizos.

2.2.- Serán responsables subsidiarias do pago do prezo público as persoas obrigadas legalmente a dar alimentos ás persoas beneficiarias do servizo, en virtude do disposto no artigo 143 do Código Civil.

No seu caso, estarán subsidiariamente obrigadas ao pago aquelas persoas que se viron favorecidas por unha transmisión a título gratuito realizada pola persoa usuaria ou polo seu cónxuxe dentro do período dos dez anos anteriores á data da solicitude do servizo e, en todo caso, todas as transmisións gratuítas que efectuase a persoa beneficiaria do servizo a partir dos 65 anos. A obrigaón de pago alcanza ata un importe máximo do valor actualizado dos bens e/ou dereitos transmitidos.

Artículo 4. PREZOS E SERVIZOS

4.1.- A contía do prezo público será a fixada nas tarifas seguintes para a prestación do servizo.

FOGAR RESIDENCIAL	
NON DEPENDENTE	950€
DEPENDENTE GRADO I	1.200€
DEPENDENTE GRADO II	1.450€
DEPENDENTE GRADO III	1.500€
Outros servizos :	
<ul style="list-style-type: none"> Marcaxe de roupa: 100€ 	

*PREZOS EXENTOS DE IVE

4.2 Servizos incluídos

O Fogar Residencial do Concello de Carballedo ofertará un servizo de atención residencial de calidade ás persoas maiores, co obxectivo de ofrecer un ambiente de convivencia axeitado para o seu desenvolvemento persoal, contribuír ó mantemento e mellora do seu benestar físico, psíquico e social; e fomentar a súa integración e participación na vida social e cultural, así como potenciar a súa calidade de vida.

- Servizo de aloxamento e manutención.
- Servizo de lavandería.
- Servizo de valoración, seguimento e avaliación.
- Servizo de información e asesoramento.
- Servizo de atención á dependencia.
- Servizo de atención social.
- Servizo de atención as dificultades da memoria.
- Servizo de fisioterapia.
- Servizo de terapia ocupacional.
- Servizo de psicoloxía.

Artigo 5.- OBRIGACIÓN DE PAGO.

5.1.- A obrigación de pago do prezo público regulado na presente Ordenanza nace desde o momento en que se inicie efectivamente a prestación dos servizos, aínda que se poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, conforme ao artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5.2.- Cando por causas non imputables á persoa obrigada ao pago do prezo público non se preste o servizo ou non se realice a actividade, procederá a devolución do importe correspondente.

5.3.- No suposto de inicio ou cesamento no uso do servizo, o prezo para satisfacer axustarase a esa circunstancia co consecuente prorrateo do mesmo por días naturais, que se calculará dividindo a cantidade mensual que corresponda por 30 días.

Artigo 6.- PAGO.

6.1 Forma de pago:

Primeira mensuralidade: mediante transferencia ou ingreso bancario na conta titularidade do Concello de Carballedo, notificada na resolución de adxudicación da praza de usuario, nos 5 días seguintes á firma do contrato. Tamén mediante domiciliación bancaria comunicada polo usuario/a nos 5 días seguintes á firma do contrato.

As restantes mensuralidades, ata a extinción do contrato, domiciliaranse na conta designada polo residente ou representante.

6.2 No suposto de incorporación ao centro dentro da segunda quincena do mes correspondente ou de estancia inferior ós quince días, facturarase a parte proporcional do prezo da praza correspondente aos días efectivamente gozados no centro.

6.3 Contra o pagamento da mensuralidade expedirase polo centro o correspondente recibo ou factura por duplicado, un para o expediente persoal custodiado no centro e outro para entregar á persoa usuaria. Nesta factura detallaranse os Servizos os que corresponda o pagamento.

Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas constas designadas polos /as contribuíntes.

A negativa ó pago polos servizos prestados permitirá ó centro resolver o contrato de admisión do residente, reservándose os dereitos a exercer acción legais que correspondan, tendentes ó total resarcimento do que lle é debido.

As débedas impagadas esixiranse mediante o procedemento administrativo de présa.

Artigo 7.- RESERVA DA PRAZA.

As ausencias forzosas transitorias por internamento nun centro sanitario ou convalecencia comportan a reserva da praza polo prazo máximo de UN MES, facturándose a totalidade do prezo a partir do primeiro día do segundo mes de ausencia. Entenderase por ausencia a partir de cinco días ininterrompidos sen ocupar praza.

O impago das cantidades correspondentes á reserva de praza determinará o dereito do centro á súa libre disposición.

O falecemento do residente será causa de extinción automática do contrato de admisión.

Neste caso, o centro poñerá a disposición do representante do residente ou dos seus herdeiros os obxectos persoais do falecido, tan pronto como sexan reclamados.

Artigo 8.- XESTIÓN POR DELEGACIÓN.

Se o Concello de Carballedo delega en calquera Organismo, propio ou alleo, as facultades de xestión do prezo público, as normas contidas no apartado anterior serán aplicables ás actuacións que haxa de levar a cabo a entidade delegada.

Artigo 9.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Para o non previsto na presente Ordenanza, estarase ao establecido no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como na Lei Xeral Tributaria e demais normas legais concordantes e complementarias.

Artigo 10.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV: A potestade sancionadora da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

1.- As tarifas contidas na presente Ordenanza actualizaranse anualmente froito da aplicación do IPC.

2.- Sempre que se produzan alteracións na tarifa, estas circunstancias serán comunicadas aos usuarios por quen designe o Concello e baixo a supervisión deste.

DISPOSICIÓN FINAL. A presente Ordenanza entrará desde o día da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

Contra este acordo, que é definitivo en vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do mesmo orde do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses desde o día seguinte á publicación deste Edicto.

Carballedo, 6 de xullo de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1908

Anuncio

De conformidade co acordado en sesión plenaria celebrada con data 30 de xuño de 2022 procédese á publicación do acordo regulador do prezo público por prestación de servizos no Centro de día do Concello de Carballedo

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE CARBALLEDO

Artigo 1. CONCEPTO, FUNDAMENTO E NATUREZA.

1.1.- De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLHL), e de conformidade co disposto no artigo 20.4) en relación cos artigos 15 a 19 e 57, así como en exercicio das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7 de 1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Carballedo establece o prezo público pola prestación de servizos no Centro de día propiedade desta entidade, que se rexerá por medio do presente acordo regulador.

1.2.- É obxecto deste prezo público a prestación de servizos no Centro de día do Concello de Carballedo, aquelas persoas que o soliciten e sexan admitidas na mesma.

1.3.- De conformidade co que establece o artigo 2.2 do citado Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, o prezo público que se regula nesta Ordenanza ten o carácter de ingreso de dereito público da facenda local e para a súa cobranza ostentará as prerrogativas establecidas legalmente para a Facenda do Estado e actuará, no seu caso, conforme aos procedementos administrativos correspondentes.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible do prezo público que se establece, a prestación dos servizos de asistencia e estancia no Centro de día do Concello de Carballedo ás persoas que se acollan a residir na mesma.

Artigo 3. PERSOAS OBRIGADAS Ao PAGO.

2.1.- Están obrigadas ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza as persoas que se beneficien dos servizos ou actividades prestados no Centro, ou, no seu caso, cando as persoas prestatarias sexan incapacitadas, quen ostente a patria potestade, tutela ou custodia, ou as Administracións Públicas, Organismos, Entidades e

persoas públicas ou privadas que, estando obrigadas por calquera título ao pago dos servizos sociais da persoa beneficiaria, soliciten os referidos servizos.

2.2.- Serán responsables subsidiarias do pago do prezo público as persoas obrigadas legalmente a dar alimentos ás persoas beneficiarias do servizo, en virtude do disposto no artigo 143 do Código Civil.

No seu caso, estarán subsidiariamente obrigadas ao pago aquelas persoas que se viron favorecidas por unha transmisión a título gratuito realizada pola persoa usuaria ou polo seu cónxuxe dentro do período dos dez anos anteriores á data da solicitude do servizo e, en todo caso, todas as transmisións gratuítas que efectuase a persoa beneficiaria do servizo a partir dos 65 anos. A obrigaón de pago alcanza ata un importe máximo do valor actualizado dos bens e/ou dereitos transmitidos.

Artículo 4. PREZOS E SERVIZOS

4.1.- A contía do prezo público será a fixada nas tarifas seguintes para a prestación do servizo.

CENTRO DE DÍA (LUNS A VENRES)		
TRANSPORTE	IDA E VOLTA SÓ IDA OU VOLTA	2€ / DÍA 1€ / VIAXE
XORNADA COMPLETA	ENTRADA: 10:00 H SAÍDA: 18:00 H	400€
Outros servizos : <ul style="list-style-type: none"> Aseo especial: 20€. Menús: 4,50 €/día (estancias sen manutención). 		

PREZOS EXENTOS DE IVE

4.2.- Aportacións dos usuarios

Os usuarios abonarán o prezo público pola prestación do servizo en función do conxunto total de rendas percibidas segundo os tramos que figuran no cadro seguinte:

TRAMOS DE RENDA	IPREM	PORCENTAXE COPAGO	APORTACIÓN USUARIO
1	<1	62,5%	250,00€
2	1 - 1,5	75%	300,00€
3	>1,5	100%	400,00€

4.3 Variacións nas aportacións dos usuarios

a.- As porcentaxes de copago e conseguíntes aportacións dos usuarios están suxeitas a modificacións en función das variacións nas rendas percibidas a consecuente inclusión en un outro tramo.

b.- A porcentaxe de copago tamén verase modificado atendendo ás axudas outorgadas por calquera Administración pública con destino ao financiamento da estancia no Centro de día, independentemente das rendas percibidas polos usuarios.

4.4 Servizos incluídos

O Centro de Día do Concello de Carballo ofertará unha atención integral e polivalente, abarcando as necesidades da persoa para a mellora das súas capacidades funcionais e condicións de vida.

- Servizo de información e asesoramento.
- Servizo de atención a dependencia.
- Servizo de atención as dificultades da memoria.
- Servizo de fisioterapia.
- Servizo de terapia ocupacional.
- Servizo de psicoloxía.

Artigo 5.- OBRIGACIÓN DE PAGO.

5.1.- A obrigaçión de pago do prezo público regulado na presente Ordenanza nace desde o momento en que se inicie efectivamente a prestación dos servizos, aínda que se poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, conforme ao artigo 46 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5.2.- Cando por causas non imputables á persoa obrigada ao pago do prezo público non se preste o servizo ou non se realice a actividade, procederá a devolución do importe correspondente.

5.3.- No suposto de inicio ou cesamento no uso do servizo, o prezo para satisfacer axustarase a esa circunstancia co consecuente prorrateo do mesmo por días naturais, que se calculará dividindo a cantidade mensual que corresponda por 30 días.

Artigo 6.- PAGO.

6.1 Forma de pago:

Primeira mensuralidade: mediante transferencia ou ingreso bancario na conta titularidade do Concello de Carballedo, notificada na resolución de adxudicación da praza de usuario, nos 5 días seguintes á firma do contrato. Tamén mediante domiciliación bancaria comunicada polo usuario/a nos 5 días seguintes á firma do contrato.

As restantes mensuralidades, ata a extinción do contrato, domiciliaranse na conta designada polo residente ou representante.

6.2 No suposto de incorporación ao centro dentro da segunda quincena do mes correspondente ou de estancia inferior ós quince días, facturarase a parte proporcional do prezo da praza correspondente aos días efectivamente gozados no centro.

6.3 Contra o pagamento da mensuralidade expedirase polo centro o correspondente recibo ou factura por duplicado, un para o expediente persoal custodiado no centro e outro para entregar á persoa usuaria. Nesta factura detallaranse os Servizos os que corresponda o pagamento.

Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas constas designadas polos /as contribuíntes.

A negativa ó pago polos servizos prestados permitirá ó centro resolver o contrato de admisión do residente, reservándose os dereitos a exercer acción legais que correspondan, tendentes ó total resarcimento do que lle é debido.

As débedas impagadas esixiranse mediante o procedemento administrativo de présa.

Artigo 7.- RESERVA DA PRAZA.

As ausencias forzosas transitorias por internamento nun centro sanitario ou convalecencia comportan a reserva da praza polo prazo máximo de UN MES, facturándose a totalidade do prezo a partir do primeiro día do segundo mes de ausencia. Entenderase por ausencia a partir de cinco días ininterrompidos sen ocupar praza.

O impago das cantidades correspondentes á reserva de praza determinará o dereito do centro á súa libre disposición.

O falecemento do residente será causa de extinción automática do contrato de admisión.

Neste caso, o centro poñerá a disposición do representante do residente ou dos seus herdeiros os obxectos persoais do falecido, tan pronto como sexan reclamados.

Artigo 8.- XESTIÓN POR DELEGACIÓN.

Se o Concello de Carballedo delega en calquera Organismo, propio ou alleo, as facultades de xestión do prezo público, as normas contidas no apartado anterior serán aplicables ás actuacións que haxa de levar a cabo a entidade delegada.

Artigo 9.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Para o non previsto na presente Ordenanza, estarase ao establecido no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como na Lei Xeral Tributaria e demais normas legais concordantes e complementarias.

Artigo 10.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV: A potestade sancionadora da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

1.- As tarifas contidas na presente Ordenanza actualizaranse anualmente froito da aplicación do IPC.

2.- Sempre que se produzan alteracións na tarifa, estas circunstancias serán comunicadas aos usuarios por quen designe o Concello e baixo a supervisión deste.

DISPOSICIÓN FINAL. A presente Ordenanza entrará desde o día da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Contra este acordo, que é definitivo en vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do mesmo orde do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses desde o día seguinte á publicación deste Edicto.

Carballedo, 6 de xullo de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1909

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de crédito n.º 04/2022 do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito financiada con anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias.

TEXTO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 02 de xuño 2022, sobre transferencia de crédito financiada con anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias, co seguinte detalle:

1. Altas en aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
453	21000	Infraestructuras e bens naturais	50.000,00	45.000,00	95.000,00
		TOTAL	50.000,00	45.000,00	95.000,00

2. Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
162	130000	Recogida, eliminación y trato. De residuos.- Laboral fijo	24.132,40	17.000,00	7.132,40
162	16000	Recogida, eliminación y trato. De residuos.- Seguridade Social	9.427,30	5.000,00	4.427,30
241	13000	Fomento del empleo.- Laboral Fijo	27.781,00	5.000,00	22.781,00
920	12100	Administración general.- Complemento de destino	40.236,90	10.000,00	30.236,90
920	12101	Administración general.- Complemento específico.	64.978,78	8.000,00	56.978,78
		TOTAL	166.556,38	45.000,00	121.556,38

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cospeito, 5 de xullo de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 1910

FOZ

Anuncio

O Pleno do Concello de Foz, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2022, acordou a **aprobación inicial** da **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE FOZ**, e en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte o da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se tiveran presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo.-

Foz, 6 de xullo de 2022.- O alcalde Francisco Cajoto Caserío.

R. 1911

MONTERROSO

Anuncio

Expediente núm.: 614/2022

Resolución de Alcaldía de número e data establecidos á marxe

Procedemento: Decretos de Organización.

Asunto: Delegacións de áreas de goberno no concelleiro D. Luis Mariño Castro

Data de iniciación: 05.07.2022

Documento asinado por: A alcaldesa

Vista a celebración do pleno de elección de alcalde o pasado 29.07.2020 trala renuncia do anterior por motivos persoais e visto o decreto número 2022-0232 de data 29.04.2022 de cese de atribución de competencia ao concelleiro D. Germán Vázquez Besteiro, en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 43, 44, 45 e 51 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar as seguintes áreas/materias:

Área/materia	Concelleiro
Medio Ambiente, parques e xardíns, xestión da área recreativa da Peneda, GES, limpeza viaria e feiras e mercados	D. Luis Mariño Castro

SEGUNDO. Estas delegacións enténdense relativas a un determinado servizo. Neste caso, a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. Notificar persoalmente a presente resolución ao designado, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde.

Monterroso, 5 de xullo de 2022.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 1912

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 6 de xullo de 2022 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 6 de xullo de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1913

PALAS DE REI

Anuncio

Aprobación inicial de proxecto de obras. Información pública.

Documento: Proxecto Técnico denominado APERTURA RÚA GUNTÍN PALAS DE REI (LUGO), redactado e asinado polo Enxeñeiro Técnico municipal Juan Manuel Varela Portela con data 05/07/2022, cun orzamento total de execución de 75.710,410 euros e que contén a relación de propietarios dos terreos afectados necesarios para a execución das obras.

Resolución: Decreto do Alcalde nº 0356, do 05/07/2022, de conformidade co establecido nos artigos 21.1.o) e 22.2.ñ) da Lei 7/1985, LBRL en relación coa DA Segunda da Lei 9/2017, LCSP e o acordo de delegación de competencias efectuado polo Pleno en sesión do 16/03/2020, publicado no B.O.P. Lugo nº 8, do 7/04/2020.

Obxecto: Aprobación inicial do Proxecto técnico indicado e someter o proxecto a información pública a efectos de consulta e eventuais reclamacións.

Prazo: 15 días a contar desde o seguinte ao da publicación no BOP Lugo.

Efectos: De non presentarse alegacións durante devandito prazo a resolución terá carácter definitivo.

Aspectos complementarios: Notificarase individualmente aos interesados directos e solicitaranse os preceptivos informes ou autorizacións sectoriais.

Palas de Rei, 6 de xullo 2022. -O Alcalde, Pablo Jose Taboada Camoira.

R. 1914

PORTOMARÍN

Anuncio

Por medio do presente faise público a Resolución da Alcaldía de data 06-07-2022 que di:

Vista a miña ausencia do termo municipal entre os días 05 de abril e 04 de maio do ano en curso, ambos inclusive, e para non prexudicar o normal funcionamento da vida municipal, de conformidade co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de novembro, e no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como no art. 63 da Lei de Administración Local de Galicia, por medio da presente RESOLVO:

PRIMEIRO: Delegar, no Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Portomarin, D. José Manuel López González, a totalidade das funcións da Alcaldía, entre os días 11 de xullo e 10 de agosto do ano en curso, ambos inclusive.

SEGUNDO: Conforme o acordo pleno de data 14-11-2021, dese de alta na Seguridade Social (rexime de dedicación parcial) ao Segundo Tenente de Alcalde do Concello de Portomarin, D. Juan Carlos Serrano López, durante o prazo citado anteriormente no que desempeñara as funcións de apoio a Alcaldía.

TERCEIRO: O presente Decreto surtirá efectos a partires do día seguinte ó desta data sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, debendo dar conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

O manda e asina o Sr. Alcalde.

O que se fai público para xeral coñecemento e efecto.

Portomarin, 6 de xullo de 2022.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 1915

VIVEIRO

Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa de Recollida de Lixo e Canon de Auga (2º trimestre do exercicio 2022) e anuncios de cobranza.

Con data de 4 de xullo de 2022 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais:

<u>Obxecto</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Recollida de lixos	2º Trimestre de 2022	311.811,90 €
Canon auga (Xunta)	2º Trimestre de 2022	81.337,49 €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **12 de xullo de 2022 ao 12 de setembro de 2022**, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de VIAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxias de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 6 de xullo de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1916

CONSORCIO AUGAS CERVO-BURELA

CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

Anuncio

Formada a conta xeral do exercicio 2021 do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga aos Concellos de Cervo e Burela cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas

Locais, e as regras 44 a 51 da Instrución do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, e informada pola Comisión Executiva en sesión celebrada o 29 de xuño de 2022, exponse ao público, xunto cos documentos que a xustifican, na Intervención do Concello de Cervo dado que a sede do Consorcio se atopa na Praza do Concello s/n de Cervo, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo e oito máis, os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito as alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Cervo, 29 de xuño de 2022.- A Presidenta; Teresa María Gutiérrez López.

R. 1917
